

Deputación Provincial

Convocatoria Pleno Extraordinario

No uso das facultades que teño conferidas no artigo 34.1, c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 61.4 e 5 do ROF, veño a convocar pola presente á sesión extraordinaria do Pleno da Excm. Deputación Provincial, a partir das once horas (11.00) do día 8 de setembro de 2004 (mércores), para tratar da seguinte:

Orde do Día

1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión, ordinaria, do día 28 de xullo do ano 2004.
2. Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver o Programa de Mellora Gandeira en Galicia.
3. Expediente de mofficación de créditos número 4/2004.
4. Resolución do recurso de reposición fronte ó acordo plenario de 30-03-2004, relativo á obra "Terminación ensanche EP 9305 Coirón-Ribadumia-Leiro".
5. Aprobación do Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra para a construción e rehabilitación de Casas Consistoriais da provincia de Pontevedra.
6. Aprobación dos Estatutos do Consorcio integrado polos Concellos de Barro e Meis e a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento e xestión do solo industrial nos Concellos de Barro-Meis e designación de representantes no Consorcio.
7. Moción da presidencia para a concesión da Medalla de Ouro e Diplomas ós deportistas pontevedreses destacados nas olimpíadas Atenas 2004.
8. Comunicacóns.

Pontevedra, 3 de setembro de 2004.—O Presidente, ilexible.—O Secretario, ilexible. 7641

AYUNTAMIENTOS

V I G O

Concurso aberto para a contratación da colaboración na xestión catastral co concello de Vigo.

1. *Entidade que adxudica:* Organismo: concello de Vigo. Dependencia: Xefatura de ingresos. Nº expediente: 129-500.

2. *Obxecto do contrato:* descrición: colaboración coa xestión catastral delegada no concello de Vigo.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo: dous anos.

3. *Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.*

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

Forma: concurso.

4. *Presuposto:* lote A: 50.000 euros/exercicio presupuestario; lote B: 50.000 euros/exercicio presupuestario.

5. *Garantía provisional:* non se esixe.

6. *Obtención de documentación e información:* Oficina de Información Xeral do concello de Vigo, Pz. do Rei s/n, 36202 Vigo. Teléfono (986) 810 148. Fax: (986) 226 206.

Data límite para solicitar documentación: ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. *Requisitos específicos do contratista:* clasificación: non se esixe.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: artigos 16 e 19 RDL 2/2000 de 16 de xuño.

8. *Presentación de ofertas:* Prazo: 15 días naturais seguintes á publicación do derradeiro anuncio de licitación no DOG e BOP. Documentación: a esixida no prego de condicións administrativas.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do concello de Vigo.

Prazo da obriga de mante-la oferta: 3 meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. *Apertura ofertas:* entidade, domicilio e localidade: véxase punto 6 do anuncio.

Data e hora: 10.30 horas do primeiro luns seguinte ó día que remate o prazo de presentación de ofertas.

10. *Outras informacións:*

11. *Gastos anuncios:* pagaraos o adxudicatario.

12. *Páxina web para obtención de información:* www.vigo.org

Vigo, 6 de agosto de 2004.—O concelleiro de Xestión Municipal, Javier Guerra Fernández. 7298

* * *

T U I

Corrección de erro

Publicado edicto no DOG (nº 11434, do 9 de agosto 2004) e no BOP (nº 162, do 23 de agosto 2004), ós efectos de contratación da obra "Adecuación do Centro Interfederado de Remo e Piragüismo", faise constar que existe un erro na clasificación

ción do contratista. Así as clasificacións a esixir para a obra son:

- Grupo G, Subgrupo 6, categoría d.
- Grupo F, Subgrupo 7, categoría c.

O prazo de presentación será de trece días naturais a contar dende a publicación deste edicto no BOP e DOG.

Tui, 30 de agosto 2004.—O Alcalde, Antonio F. Fernández Rocha. 7571

E D I C T O

Aprobadas polo Pleno da Corporación Municipal as “Bases Xerais tipo reguladoras da concesión de subvencións do Concello de Tui e dos seus organismos autónomos”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia do 5 de xullo de 2004, para a súa exposición ó público polo prazo de trinta días, ó non terse presentado ningunha reclamación ás mesmas, procédese a publicación definitiva do seu texto íntegro polo prazo de quince días, para a súa entrada en vigor:

BASES XERAIS TIPO REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS POLO CONCELLO DE TUI E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Estas bases teñen por obxecto a fixación do procedemento xeral a seguir para a solicitude, a concesión, a xustificación e o pago das subvención que, dentro do ámbito da súa competencia, outorgue ou estableza, mediante convocatoria pública, o Concello de Tui ou os seus Organismos Autónomos.

Estas bases serán complementadas, de conformidade co previsto polo artigo 14 do regulamento regulador da actividade de fomento do Concello de Tui e dos seus Organismos Autónomos, por unhas bases particulares reguladoras da convocatoria de cada subvención, que non poderán contradicir o que se dispón nestas, e que terán que regular, en todo caso, os seguintes extremos:

- a) O obxecto da subvención.
- b) Os requisitos que deberán de reunir os beneficiarios e a forma de acreditálos.
- c) O importe máximo da subvención.
- d) O baremo específico de valoración.
- e) O prazo de presentación de solicitudes.
- f) A composición da comisión cualificadora, que baixo a presidencia do alcalde ou concelleiro delegado da área correspondente, e coa asistencia do secretario ou funcionario en quen delegue, está composta por tres vocais.

g) O prazo e a forma de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención.

h) As garantías a favor dos intereses públicos, cando se estimen convenientes.

Non obstante o anterior, non será necesario a aprobación de bases particulares cando se trate dos supostos de concesión directa de subvenciones a que fai referencia o artigo 10 do Regulamento regulador da actividade de fomento do Concello de Tui e dos seus organismos autónomos.

Artigo 2. As subvencións a que se refire o artigo anterior serán finalistas, terán carácter no devolutivo, voluntario e eventual, entenderanse libremente revogables ou reducibles en todo momento polas causas previstas na lei, no regulamento regulador da actividade de fomento do Concello de Tui e dos seus organismos autónomos ou nestas bases, non xerarán ningún dereito á obtención doutras subvención en anos posteriores e non se poderán alegar como precedente.

CAPÍTULO II SOLICITANTES E ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

Artigo 3. Poden solicitar subvencións destinadas á realización de actividades, as persoas e entidades seguintes:

- a) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, domiciliadas na cidade de Tui, que realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Entidades, cando así estea previsto por norma regulamentaria.
- b) As persoas físicas domiciliadas na Cidade de Tui, que realicen actividades de interese municipal.
- c) As entidades e asociacións sen ánimo de lucro e as persoas físicas que, non estando domiciliadas na cidade de Tui, realicen actividades de interese municipal dentro ou en beneficio da cidade.

Artigo 4. É subvencionable calquera actividade de índole cultural, recreativa, deportiva, xuvenil, de ensino, sanitaria, ecolóxica, de servizos sociais ou calquera outra de natureza análoga, que complementen ou suplan os servizos de competencia municipal regulados polos artigos 25 a 28 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais lexislación concordante, ou sexan de interese local.

A estes efectos, será necesario que se aprobase previamente a oportuna convocatoria pública, excepto nos supostos de concesión directa previstos no artigo 10 del regulamento regulador da actividade de fomento do Concello de Tui e dos seus Organismos autónomos.

CAPÍTULO III PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

Artigo 5. Á marxe dos requisitos concretos expresados nas bases particulares de cada convocatoria, a solicitude de subvención efectuarase, en todo caso, mediante instancia individualizada para cada actividade, asinada polo peticionario ou, no caso de persoas xurídicas, polo presidente da entidade ou por quen teña conferida a delegación, de forma debidamente acreditada, e irá acompañada da documentación á se fai referencia no artigo 15 do Regulamento Regulador da actividade de fomento do concello de Tui, e dos seus Organismos autónomos, ou nas bases particulares de cada convocatoria.

As instancias terán que expresar na calidade con que actúa quen a subscribe. Cómpre consignar, tamén, a actividade concreta para a que se solicita a subvención, o obxectivo que se pretende, o ámbito de difusión e o lugar onde se realizará, así como o seu custe e a previsión de ingresos que poida xerar.

As instancias presentaranse con copia que, una vez selada, servirá de comprobante para o solicitante.

Cando os requisitos previstos nos programas das diversas áreas municipais reclamen cumprimentar unha ficha ou calquera outra clase de formulario, estes terán a consideración de condición necesaria para a súa tramitación.

Artigo 6. No caso de que a instancia ou a documentación complementaria fosen incorrectas ou incompletas, o servizo responsable requirirá a rectificación ou o complemento necesarios.

Si no prazo de dez días hábiles seguintes o peticionario non efectúa a rectificación reclamada, poderase proceder a archivar de oficio o expediente, sen ningún trámite ulterior, mais que a resolución pola que se teña por desistido da súa petición.

Artigo 7. Os prazos de presentación das instancias serán aqueles que se establezan en cada unha das diversas bases particulares de cada convocatoria de subvención.

Para aquelas subvencións que non teñan regulado un prazo concreto por tratarse de supostos de concesión directa, o prazo xeral de presentación de solicitudes finalizará o día 30 de setembro de cada ano.

CAPÍTULO IV CONDICIÓN E PRINCIPIOS BÁSICOS DE APLICACIÓN PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

Artigo 8. As subvenciones concederanse de acordo co disposto pola Lei, con respecto ós seguintes Principios xerais:

- Terán carácter non devolutivo, voluntario e eventual.

- Non poderán exceder, normalmente, do 70 por 100 do custo da actividade á que se apliquen, salvo que, de forma motivada, se xustifique que se trata de actividades de gran interese público e/ou social, que non poderían levarse a cabo sen a percepción dunha una subvención que exceda do 70 por 100 do seu custe.
- Non será esixible ningún aumento ou revisión da subvención, anda cando a administración o considere procedente, poderá conceder unha subvención complementaria.
- As bases particulares de cada convocatoria de subvencións expresarán o baremo específico de valoración, que consistirá na determinación dos criterios de prioridade para o outorgamento da subvención, debidamente valorados, considerándose en todo caso criterios básicos os establecidos no artigo 17 do Regulamento municipal regulador da actividade de fomento do concello de Tui e dos seus organismos autónomos.

Artigo 9. Calquera subvención concedida polo concello de Tui ou polos seus organismos autónomos, levará implícita a condición de que en toda a documentación e propaganda escrita ou gráfica da actividade subvencionada, se consigne a lenda «Subvencionada: Concello de Tui», ou similar, e o logotipo do Concello cos modelos tipográficos aprobados pola Corporación.

Artigo 10. As bases particulares de cada convocatoria de subvencións poderán consignar a limitación de solicitudes de cada peticionario en cada unha das súas diversas modalidades, como tamén calquera outra continxencia inherente ás súas características.

Artigo 11. O incumprimento dos requisitos de petición previstos no artigo 15 do regulamento municipal regulador da actividade de fomento do concello de Tui e dos seus Organismos autónomos, determinará a imposibilidade de outorgar ningunha subvención.

Artigo 12. O incumprimento por parte dos beneficiarios de calquera das obrigas ou condicións establecidas por esta normativa e polas bases particulares reguladoras da convocatoria de cada subvención, levará implícita a renuncia á subvención, e poderase proceder, de oficio, á súa revogación.

CAPÍTULO V XUSTIFICACIÓN E PAGO

Artigo 13. Cando a subvención sexa outorgada no marco dun convenio, atenderase, en cuanto a súa xustificación e pago, en primeiro lugar, ó que dispoñan as súas cláusulas.

En calquera outro caso, será de aplicación o procedemento previsto nestas normas reguladoras,

que tamén será de aplicación supletoria respecto ós convenios.

Artigo 14. O beneficiario dunha subvención terá que xustificar a súa aplicación á finalidade para a que lle foi concedida, mediante a presentación dos documentos que se sinalan a continuación:

- a) Memoria detallada da actividade realizada.
- b) Instancia subscrita polo presidente da entidade ou peticionario particular, dirixida ó Alcalde do Concello ou Presidente do Organismo autónomo, solicitando o pago da subvención e indicando o número de conta corrente á que se terá que facer a transferencia.
- c) Declaración xurada do beneficiario acreditativa de que as facturas que se presentan como xustificantes aplicáronse a actividade subvencionada.
- d) Facturas por un importe mínimo do dobre da subvención concedida, que terán que cumprir os seguintes requisitos:
 - Ser orixinais ou fotocopias compulsadas polo Secretario Xeral do Concello.
 - Estar datadas durante o ano no que se concedese a subvención e, si se trata dunha actividade puntual, na data correspondente á citada actividade.
 - Conter o DNI ou número de identificación fiscal do perceptor
 - Conter o selo da casa subministradora e o seu asinado
 - Conter o selo de pagado, ou presentar o correspondente recibo.
 - Axustarse ó orzamento presentado ó formular a solicitude
- e) Un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade.

En todo aquilo que non se regule nesta normativa, estarase ó que dispoñan as bases particulares da convocatoria de cada subvención e ó Regulamento regulador da actividade de Fomento do concello de Tui e dos seus Organismos autónomos.

Artigo 15. A documentación xustificativa a que se fai referencia no artigo 24 do regulamento, presentárase dentro dos trinta días seguintes de realizada a actividade, ou no seu caso, dentro do prazo fixado nas bases particulares da convocatoria específica, e a súa aprobación e pago, se procede, corresponderá á Xunta de Goberno Local ou órgano que se prevexa nas bases de execución do presuposto, que poderá reducir a subvención ata o 50 por 100 dos gastos efectivamente producidos, si estes fosen inferiores ó dobre da subvención concedida, salvo que a porcentaxe de subvención sexa diferente.

Artigo 16. Si presentada a documentación se comprobara que é incompleta ou defectuosa, a Administración concederá un prazo de dez días hábi-

les para que se emende, e si transcorrido este non se emendase, arquivaranse as actuacións, perdendo el solicitante a condición de beneficiario.

Artigo 17. No suposto de que o beneficiario non puidera chegar a xustificar adecuadamente a totalidade do importe da subvención outorgada, o servizo responsable tramitará de oficio a redución do importe da subvención na mesma proporción que exista entre o importe que sexa necesario xustificar e o importe ben xustificado.

Artigo 18. O concello de Tui e/ou seus Organismos autónomos, poderán comprobar en todo momento e polos procedementos que considere oportunos, a adecuada aplicación das subvencións concedidas ás finalidades para as que se outorgasen.

No caso de non aplicación ou aplicación inadecuada dunha subvención o Concello de Tui e/ou seus Organismos autónomos, poderán instar a restitución do seu importe polos procedementos legalmente establecidos, incluso mediante a compensación con aqueles créditos dos que sexa titular activo o beneficiario e acreedora a Administración.

No suposto de que a suma das subvenciones recibidas para a actividade en cuestión supere o seu custe, a subvención outorgada reducirase proporcionalmente.

Artigo 19. En cumprimento do disposto polo Regulamento municipal regulador da actividade de fomento do concello de Tui e dos seus Organismos autónomos, as presentes bases xerais tipo serán expostas no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do concello de Tui, ós efectos de audiencia pública durante un prazo de vinte días, a efectos de que se poidan formular reclamacións e suxestións, a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. asemade insertarase un anuncio no Diario Oficial da Comunidade Autónoma.

Polo contrario, ás bases particulares de cada convocatoria de subvenciones daráselles publicidade de acordo co procedemento previsto polo artigo 14 do Regulamento Regulador da actividade de fomento do Concello de Tui e dos seus Organismos autónomos.

Artigo 20. As subvencións terán que ser aceptadas polos beneficiarios no prazo máximo de un mes, contado desde a data da recepción da notificación da súa concesión. A aceptación das axudas implicará necesariamente a aceptación da compensación das débedas existentes a que se refire o parágrafo segundo do artigo 18.

CAPÍTULO VI

DURACIÓN DEL PROCEDIMIENTO E EFECTOS DA FALTA DE RESOLUCIÓN EXPRESA

Artigo 21. O prazo para resolver o procedemento para a concesión de subvencións será de tres meses, contados a partir do seguinte á data de fina-

lización do prazo de presentación de solicitudes para tomar parte na convocatoria.

Cando se trate de supostos de concesión directa, o citado prazo contarase a partir do día seguinte ó da presentación da solicitude de subvención.

Artigo 22. Transcorrido o prazo de tres meses citado sen que se dictase resolución expresa, entenderanse desestimadas as solicitudes formuladas.

Artigo 23. No non previsto nas presentes bases e nas bases particulares de cada convocatoria de subvención, estarase ó disposto na lei 38/2003, do 17.11, Xeral de Subvencións e no Regulamento da actividade de fomento do Concello de Tui e dos seus Organismos autónomos.

Disposición final. Estas bases rexeran indefinidamente mentres non sexan modificadas ou derogadas polo órgano competente, de acordo co procedemento legalmente establecido.

Tui, 24 de agosto de 2004.—O Alcalde, Antonio F. Fernández Rocha. 7534

E D I C T O

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o “Regulamento da actividade de Fomento do Concello de Tui e os seus organismos autónomos”, publicado no Boletín Oficial da Provincia do 29 de xuño de 2004, para a súa exposición ó público polo prazo de trinta días, ó non terse presentado ningunha reclamación ó mesmo, procédese á publicación definitiva do seu texto íntegro polo prazo de quince días, para a súa entrada en vigor:

REGULAMENTO DA ACTIVIDADE DE FOMENTO DO CONCELLO DE TUI E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro das formas de actuación das Administracións Públicas, a de fomento das actividades dos cidadáns, tanto de carácter social como económico, que sexan de interese público ou complementen ou suplan servicios de competencia municipal, é de fundamental importancia, por canto en lugar de substituír a acción libre destes, coaduxa a que o citado campo da actividade quede no sector privado, coa axuda e a colaboración da Administración na súa consecución, todo isto de acordo coa filosofía orientadora do noso sistema constitucional, que tende a promover a intervención e a actuación dos privados, incentivándoa e fomentándoa, e suplíndoa unicamente nos casos previsto pola lei, cando, por razón do seu contido ou por razón de organización que aconsellen a intervención pública en beneficio dos intereses xerais dos cidadáns, sexa mais adecuada esta última.

Os instrumentos a través dos cales se materializa a actividade de fomento das Administracións

Locais á luz da lexislación pública local, tanto estatal como autonómica, están constituídos basicamente por tres mecanismos fundamentais: a concesión de subvencións e axudas de contido económico, a concesión de axudas non avaliábles economicamente e a acción concertada, tendo por obxecto este Regulamento a regulación do réxime e do procedemento xeral de actuación do Concello e dos seus Organismos Autónomos para o exercicio deste tipo de actividades.

O presente Regulamento, que está constituído por un Título Preliminar que ten por obxecto establecer as normas xerais de aplicación, consta tamén de tres títulos, dedicados a regular cada uno dos instrumentos de fomento a que anteriormente se fixo referencia.

O título primeiro ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións ou axudas de contido económico; o segundo, a concesión de axudas de diferente natureza, que non están constituídas por cantidades económicas, senón por bens materiais, ó permitir o uso gratuíto dos medios públicos ás asociacións cidadás, cumprindo así a previsión contida no artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sempre que estean constituídas para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, regulando o último título o exercicio da acción concertada entre o Concello e os particulares, como fomento e promoción de actividades sociais ou económicas que se consideren de interese público.

A diferenza fundamental entre los mecanismos de concesión de axudas, xa sexan económicas ou materiais, e a acción concertada, radica basicamente en que mentres coa concesión de axudas a Administración fomenta unha actividade privada sen participar na súa organización, coa acción de fomento, polo contrario, mediante la formalización do oportuno convenio, la Administración non so contribúe economicamente á realización da actividade, senón que participa nela, motivo polo cal a citada participación non ten os límites porcentuais establecidos pola lexislación vixente para as subvencións.

En consecuencia, coa aprobación deste Regulamento, o Concello de Tui pretende dispor dunha normativa común de coñecemento público e observancia obrigada por parte dos diferentes Departamentos e Organismos municipais, respecto da aprobación das convocatorias e bases de toda actividade que tenda a fomentar as actividades particulares.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto

O presente Regulamento ten por obxecto regular o réxime e o procedemento xeral de actuación do

Concello e dos seus Organismos Autónomos en relación coa actividade de fomento.

Artigo 2. Principios orientadores

Esta actividade exercerase de acordo cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrencia e igualdade, e con adecuación á legalidade orzamentaria.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

O presente Regulamento será de aplicación ó Concello de Tui calquera que sexa o órgano competente para o exercicio da acción de fomento, así como ós seus Organismos Autónomos presentes e futuros, que en virtude do presente Regulamento quedan facultados para outorgar subvencións.

Artigo 4. Medios de fomento

A acción de fomento, de conformidade coa lexislación vixente, poderase realizar a través dos medios seguintes:

- a) Mediante o outorgamento de subvencións ou axudas económicas.
- b) Mediante o outorgamento de subvencións ou axudas non económicas.
- c) Mediante a acción concertada.

Artigo 5. Actividades exceptuadas

O presente Regulamento non será de aplicación en relación coas actividades que, pola vía de concerto prevista polo artigo 85 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, realicen as Entidades Públicas ou privadas ou os particulares, e que consisten na prestación, mediante o procedemento de xestión indirecta, dun servizo público municipal.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente Regulamento serán de aplicación as disposicións reguladoras da actividade de fomento da Administración Local contidas nas seguintes normas:

- Lei 38/2003, do 17.11 Xeral de Subvencións.
- Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955, en todo aquilo que non se opoña, contradiga ou resulte incompatible coas anteriores.*
- Outra lexislación concordante.

Non obstante o anterior, e en virtude do Principio de xerarquía normativa, en caso de modificarse a lexislación anteriormente exposta ou calquera outra que resulte de aplicación, quedarán derrogados todos aqueles preceptos do presente Regulamento que resulten contrarios ou incompatibles coa nova lexislación.

TÍTULO I

AS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS ECONÓMICAS

CAPÍTULO PRIMEIRO
DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 7. Concepto

Ten a consideración de subvención a disposición gratuita de fondos públicos que o Concello de Tui ou os seus Organismos Autónomos outorguen a persoas ou entidades públicas ou privadas, para fomentar unha actividade de utilidade ou interese social ou para promover a consecución dunha finalidade pública.

Artigo 8. Finalidade

O Concello de Tui e os seus Organismos Autónomos poderán outorgar subvencións económicas, a través do procedemento regulado por este Regulamento, en favor de todos aqueles servizos ou actividades de índole cultural, recreativa, deportiva, xuvenil, de ensino, sanitaria, ecolóxica, de servizos sociais ou calquera outra de natureza análoga, que complementen ou suplan os servizos de competencia municipal regulados polos artigos 25 a 28 de la Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e outra lexislación concordante, ou sexan de interese local.

Artigo 9. Características das subvencións.

As subvencións que se regulan no presente Regulamento terán as seguintes características:

- Estarán afectadas ó cumprimento da finalidade de interese xeral a que se condicione o seu outorgamento
- Terán carácter non devolutivo, voluntario e eventual, salvo que legal ou regulamentariamente se dispoña outra cousa.
- Non poderán obedecer a mera liberalidade.
- Non poderán invocarse como precedente,
- Non xerarán en favor do beneficiario ningún dereito a esixir o seu aumento ou revisión.
- Non poderán exceder, normalmente, do 70 por 100 do custe da actividade a que se apliquen, salvo que, de forma motivada, se xustifique que se trata de actividades de gran interese público e/ou social, que non poderían levarse a cabo sen a percepción dunha subvención que exceda do 70 por 100 do seu custe.
- Serán revogables o reducibles de oficio cando se comprobe que a actividade subvencionada non foi realizada total ou parcialmente, ou cando se aplicase a unha finalidade diferente de aquela para a cal foi concedida.

Artigo 10. Procedemento de concesión

As subvencións outorgadas polo Concello ou os seus Organismos Autónomos se concederán por convocatoria pública e polo procedemento de concurso, previa aprobación, polo Pleno da Corporación, das bases reguladoras da convocatoria.

A efectos do cumprimento do que se dispón no parágrafo anterior, o Concello poderá aprobar unhas bases reguladoras tipo de carácter xeral, que serán complementadas coas bases particulares que se aproben para cada convocatoria, pola Xunta de Goberno Local, no presente exercicio; e no marco das bases de execución do orzamento a partir do exercicio 2005.

As bases reguladoras da convocatoria hanse someter a información pública por un período de 20 días, mediante a publicación de seu texto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, e a publicación posterior dunha referencia deste último anuncio no Diario Oficial da Comunidade Autónoma.

Non obstante o anterior, cando se aprobasen previamente unhas bases xerais, as particulares de cada convocatoria e a correspondente convocatoria, dado o ámbito territorial ó que se circunscribe a competencia municipal, requirirá a súa publicación no Taboleiro de Anuncios e Medios de Comunicación Municipais.

Non obstante, poderán outorgarse directamente, sen necesidade de convocatoria de ningunha licitación, todas aquelas subvencións que, cumprindo o réxime xeral do presente Regulamento, se atopen nos seguintes supostos:

- a) Cando estean previstas singularmente no orzamento do Concello ou do Organismo Autónomo concédente.
- b) Aquelas nas que o seu outorgamento ou contía estea imposta á Administración por unha norma de rango legal.
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública; que deberán ser ratificadas polo Pleno Municipal.

Artigo 11. Órganos competentes

Será competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación das bases particulares de cada subvención.

Serán competentes para a concesión de subvencións, os diferentes órganos municipais, nos termos previstos ó efecto para cada exercicio económico polas Bases de Execución do presuposto.

Nos Organismos autónomos municipais, o órgano competente, tanto para a aprobación das bases particulares como para a concesión da subvención, será o órgano colexiado superior dos que asuman o seu goberno e administración.

Artigo 12. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das subvencións económicas que se regulan no presente Regulamento, e, en consecuencia, peticionarios das mesmas, as seguintes persoas ou entidades:

- a) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro domiciliadas na cidade de Tui, que realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Entidades, cando así estea previsto por norma regulamentaria.
- b) As persoas físicas domiciliadas na cidade de Tui que realicen actividades de interese municipal.
- c) As entidades e asociacións sen ánimo de lucro e as persoas físicas que, non estando domiciliadas no Concello de Tui, realicen actividades de interese municipal dentro ou en beneficio do Municipio.

CAPÍTULO SEGUNDO

PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE*Artigo 13. Consignación anual*

O Concello e os seus Organismos Autónomos consignarán cada ano unha cantidade anual no seu orzamento para atender as actividades subvencionables, que se distribuirá entre as diferentes Áreas de actuación da Corporación.

Artigo 14. Convocatoria e bases reguladoras.

Sen prexuízo do disposto polo presente Regulamento, que será de aplicación a todo tipo de subvencións económicas, durante cada exercicio económico aprobarase polo órgano competente do Concello ou dos seus Organismos Autónomos unha convocatoria de cada subvención, acompañada das correspondentes bases reguladoras da mesma, que serán particulares, de haberse aprobado previamente polo Concello unhas bases xerais tipo e, que si ben poderán ampliar as prescricións da presente normativa, non poderán modificala nin contradicila.

As bases xerais e, no seu defecto, as reguladoras de cada subvención, que poderán ampliar pero non contradicir aquilo que dispón o presente Regulamento, terán que regular, en todo caso, os extremos contidos no artigo 17.3 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións

A citada convocatoria, coas súas correspondentes bases, aínda cando se aprobasen Bases Xerais previamente, non precisará a súa publicación nos Boletíns Oficiais, por o feito de tratarse das condi-

cións particulares de cada subvención, si terán que ser obxecto da debida publicidade, a través do procedemento mais adecuado para o seu coñecemento por parte dos posibles beneficiarios.

A estes efectos poderase optar entre notificar a convocatoria e as súas bases individualmente a cada unha das entidades ou asociación da cidade, ou anuncia-la no Taboleiro de Anuncios Municipal coa debida antelación, sendo obrigado este último procedemento cando se trate de subvencións a persoas físicas.

Artigo 15. Peticionarios

Os peticionarios a que se refire o artigo 5 deste Regulamento terán que presentar a súa solicitude dentro do prazo fixado na correspondente convocatoria, acompañada da seguinte documentación:

- a) Instancia individualizada para cada actividade, asinada polo petionario ou, no caso das persoas xurídicas, polo Presidente da Entidade ou por quen teña conferida a delegación debidamente acreditada, na que se fará constar o programa ou actividade para a que se solicita a subvención.
- b) Certificado expedido polo Secretario da Entidade acreditativo do acordo do órgano de goberno polo que se decide a formulación da solicitude, se procede.
- c) Proxecto detallado e presuposto total pormenorizado da actividade a realizar para a que se solicita la subvención.
- d) Certificación acreditativa de estar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades, no caso das Entidades cidadáns.
- e) Fotocopia autenticada do DNI, no caso de persoas físicas.
- f) Datos bancarios da conta á que, si é subvencionada a actividade proposta, se poderá transferir o importe da subvención.
- g) Declaración xurada acreditativa das subvencións solicitadas, con expresa mención das concedidas en relación coa actividade subvencionable dentro do mesmo exercicio económico, ou si non existiran, acreditativa de non haber percibido nin ter solicitado ningunha subvención.
- h) Memoria de actividades previstas no exercicio e das realizadas no exercicio anterior ó da convocatoria.

Non obstante, cando se trate de becas, premios ou axudas persoais, unicamente será necesario presentar a instancia e a documentación esixida nas bases da convocatoria.

Artigo 16. Presentación de documentos

A documentación a que se refire o artigo anterior, presentarase, en lingua galega, no Rexistro

Xeral do Concello de Tui ou, no seu caso, no propio do Organismo Autónomo, e cando estea incompleta ou defectuosa poderá ser emendada dentro do prazo de dez días hábiles previstos polo artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a contar desde o día seguinte a aquel no que sexa requirido para isto por parte da Administración.

Asemade, si a Administración o considera oportuno, poderá requirir do solicitante unha ampliación da documentación.

Se non son emendadas as deficiencias ou ampliada a documentación no prazo concedido, arquivarase a petición sen máis trámite, téndose ó interesado por desistido da súa petición, previa notificación da correspondente resolución en tal senso.

CAPÍTULO TERCEIRO CRITERIOS PARA A ASIGNACIÓN DE SUBVENCIONES

Artigo 17. Criterios

Ademais dos criterios específicos que se fixen nas bases da convocatoria para cada subvención en concreto, considéranse criterios básicos para o outorgamento das subvencións os seguintes:

- a) Interese xeral da actividade.
- b) Volume de subvencións concedidas á entidade pola mesma actividade.
- c) O nivel de normalización do uso e utilización da lingua autónoma pola Entidade ou os seus proxectos e compromisos ó respecto, tanto externa como interna.

En ningún caso poderán outorgarse subvención que, coas xa concedidas por outros Organismos, superen o 100 por 100 do custe da actividade subvencionada.

Artigo 18. Concesión, aceptación e formalización.

Unha vez avaliadas as solicitudes, o órganos colexiado deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instructor, a vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada que deberá notificarse ós interesados na forma que se estableza na convocatoria, concedéndoselle un prazo de dez días para presentar alegacións.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren en procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

Examinadas as alegacións aducidas no seu caso polos interesados, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

Isto sen prexuízo da posibilidade de que o beneficiario renuncie á subvención nos termos previstos na lexislación vixente.

De non dictarse resolución dentro do prazo previsto nas bases reguladoras, entenderase desestimada a petición.

Posteriormente, naqueles supostos nos que se considere conveniente, procederase á formalización da subvención mediante a subscrición do oportuno convenio regulador.

CAPÍTULO CUARTO OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Artigo 19. Anualidade da subvención

As actividades subvencionadas terán que ser realizadas e xustificadas antes do 31 de decembro do ano da súa concesión, excepto as destinadas ó funcionamento xeral das entidades, que se terán que xustificar, como máximo, o 31 de marzo do ano seguinte ó do seu outorgamento, unha vez aprobadas as contas xerais das citadas entidades.

Non obstante o anterior, en supostos excepcionais, poderá outorgarse un prazo maior de realización a través do convenio regulador no que se formalice a concesión da subvención.

Artigo 20. Documentación impresa

Toda subvención concedida quedará sometida á condición de facer constar na documentación e no programa impreso da actividade, o escudo do Concello e a expresión «Subvencionada: Concello de Tui».

Quedan exentos desta obriga as becas, premios ou axudas persoais, así como as actividades das que non se elabore documentación ou programa impreso.

En calquera caso, a documentación e/o programa impreso da actividade deberá ser editado no 50 por 100 dos seus exemplares en lingua galega, a non se que se opte por unha edición bilingüe.

Artigo 21. Cambios de destino

Non se autorizarán cambios de destino das subvencións concedidas, salvo que teñan por obxecto a mesma actividade e así se autorice polo órgano municipal competente de forma expresa.

Artigo 22. Aceptación normativa

A mera presentación dunha solicitude de subvención implica o coñecemento e a aceptación

deste Regulamento e das Bases que regulen a súa concesión.

Artigo 23. Modificación, revogación e responsabilidade.

A alteración das condicións que determinaron a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administración, pode dar lugar á modificación da resolución do seu outorgamento.

A revogación da subvención pola Administración, por motivos de oportunidade ou de cambio de criterios, pode comportar o deber de indemnizar, si é necesario, polos danos e prexuízos causados ó beneficiario.

Polo contrario, o incumprimento das obrigas e determinacións contidas neste Regulamento poderá dar lugar á revogación da subvención, que levará inherente a obriga do beneficiario de devolver á Administración as contías percibidas a conta da mesma, o que será independente da esixencia das outras responsabilidades que procederan.

Cando, como consecuencia da modificación ou da revogación da subvención, o beneficiario tivera que devolver, total ou parcialmente o seu importe, levarase a cabo de acordo co procedemento establecido polo Regulamento Xeral de Recadación, salvo que a Administración opte no acordo de modificación ou revogación, por algún outro procedemento que sexa máis favorable para o interesado.

CAPÍTULO QUINTO XUSTIFICACIÓN E COBRO

Artigo 24. Xustificación documental.

Para percibir as subvencións concedidas de acordo coas prescricións deste Regulamento, cómpre ter realizado as actividades subvencionadas e presentar ó Concello a seguinte documentación:

- a) Memoria detallada da actividade realizada.
- b) Instancia subscripta polo Presidente da entidade ou petionario particular, dirixida ó alcalde do Concello ou Presidente do Organismo Autónomo, solicitando o pago da subvención e indicando o número de conta corrente ó que se terá que facer a transferencia.
- c) Declaración xurada do beneficiario, acreditativa de que as facturas que se presenten como xustificantes aplicáronse á actividade subvencionada.
- d) Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas neste concello (neste caso farase a correspondente dilixencia na factura orixinal, que permita o control da concorrencia de subvencións) por un importe mínimo do dobre da subvención concedida. Non obstante, cando se trate de subvenciones destinadas ó funcionamento xeral das entidades, estas terán que

aportar as contas certificadas da entidade, representativas do estado de ingresos e gastos da actividade subvencionada e ou conta e estados que estean obrigados a render de acordo cos seus Estatutos e a normativa sectorial ou xeral vixente.

- e) Un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade.

Non obstante o anterior, unha vez concedida a subvención poderanse librar pagos a conta da mesma nos termos previstos nas bases reguladoras da correspondente convocatoria, quedando obrigado o beneficiario a súa xustificación documental antes de que venza o último prazo nos termos previstos por este artigo.

Nestes supostos poderanse establecer garantías a favor dos intereses públicos nas Bases reguladoras da convocatoria.

Artigo 25. Requisitos das facturas

As facturas a que se refire o artigo anterior terán que reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser orixinais ou fotocopias compulsadas de conformidade co apartado d) do artigo anterior.
- b) Estar datadas no ano no que se concedese a subvención, e, si se trata dunha actividade puntual, na data correspondente á citada actividade.
- c) Conter o DNI ou número de Identificación Fiscal do perceptor.
- d) Conter o selo da casa subministradora e a súa firma.
- e) Conter o selo de pagado, ou presentar o correspondente recibo.
- f) Axustarse ó orzamento presentado ó formular a solicitude.

Artigo 26. Prazo de xustificación.

A documentación xustificativa a que se refire o artigo 25 presentarase dentro dos trinta días seguintes de haberse realizado a actividade, ou no seu caso, dentro do prazo fixado nas Bases particulares da convocatoria específica, e a súa aprobación e pago, cando proceda, corresponderá ó Pleno da Corporación ou Órgano que se prevea nas correspondentes convocatorias, que poderá reducir a subvención ata chegar ó 50 por 100 dos gastos que efectivamente se producisen, cando estes foran inferiores ó dobre da subvención concedida.

Si presentada a documentación se comprobara que é incompleta ou defectuosa, la Administración concederá un prazo de 10 días hábiles para que se corrixa, transcorrido o cal sen que se emendase arquivarase a documentación, perdendo o solicitante a condición de beneficiario.

TÍTULO II

AS SUBVENCIONES E AXUDAS NON ECONÓMICAS

CAPÍTULO PRIMEIRO DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 27. Concepto

Teñen a consideración de axudas ou subvencións non económicas, todos aqueles auxilios directos ou indirectos a cargo do Concello de Tui ou dos seus Organismos Autónomos, outorgados a prol dos particulares, non consistentes en cantidades económicas.

Artigo 28. Clases

Este tipo de subvencións poderá ser de dúas clases.

- a) Subvención consistente no uso gratuíto de medios públicos de propiedade do Concello ou dos seus Organismos Autónomos, xa sexan de carácter material ou persoal, sempre que non se produza transferencia de propiedade dos mesmos a prol dos beneficiarios.
- b) Subvención consistente no outorgamento de medios materiais que impliquen transferencia de propiedade dos mesmos a favor dos beneficiarios.

CAPÍTULO SEGUNDO USO GRATUÍTO DE MEDIOS PÚBLICOS SEN TRANSFERENCIA DE PROPIEDAD

Artigo 29. Obxecto.

Serán susceptibles de uso gratuíto por parte dos particulares, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, os medios públicos que a Xunta de Goberno Local determine.

O control da utilización e da devolución destes medios levarase a cabo polo Xefe de Área Municipal ou polo responsable administrativo do Organismo Autónomo ós que estean adscritos estes bens. Este control comprenderá, tanto o bo estado dos mesmos como a súa íntegra devolución.

Artigo 30. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios deste tipo de axudas, as persoas físicas domiciliadas no termo municipal de Tui, e as entidades e asociacións sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Entidades que realicen actividades de interese municipal.

Artigo 31. Procedemento de concesión.

As axudas desta natureza que outorgue o Concello ou os seus Organismos autónomos concederanse de acordo co procedemento seguinte:

- a) Solicitude dos particulares efectuada por escrito e con 15 días hábiles de antelación, me-

diante instancia dirixida ó concello ou os seus Organismos Autónomos e presentada no Rexistro Xeral, na que se farán constar, como mínimo, os seguintes extremos:

— Medio solicitado.

— Duración, datas concretas e horarios de utilización.

— Datos persoais do solicitante, especificando si actúa en nome propio ou por representación, así como teléfono de contacto e horario de localización.

- b) Finalidade á que se dedicarán os medios públicos solicitados, con expresión dos proxectos globais e programa do acto, si se trata dunha actividade desta natureza..

Artigo 32. Órganos competentes para la concesión.

As axudas consistentes na utilización de medios públicos serán outorgadas mediante Decreto de la Alcaldía, dictado, ben directamente, ben en virtude da correspondente delegación polo Concelleiro Delegado do Área a que estean adscritos os bens ou no seu caso, mediante Resolución do Presidente do Organismo Autónomo.

**CAPÍTULO TERCEIRO
OUTORGAMENTO DE MEDIOS MATERIAIS
CON TRANSFERENCIA DE PROPIEDAD**

Artigo 33. Obxecto.

Poderá ser obxecto deste tipo de subvención, a concesión de calquera tipo de axuda material que, con transferencia de propiedade a prol do beneficiario, outorgue o Concello ou os seus Organismos autónomos, sempre que non consistan no pago de cantidades económicas.

Artigo 34. Réxime xurídico e procedemento de concesión

As axudas desta natureza terán o mesmo réxime xurídico e estarán sometidas ó mesmo procedemento de concesión que as subvencións de carácter económico, e neste sentido seranlles de aplicación os artigos 8 a 23 deste Regulamento, coas excepcións seguintes:

- Ó non ter carácter económico, non estarán sometidas ó límite do 50 por 100 do custe da actividade previsto no artigo 9.
- A consignación económica que o Concello deberá prever anualmente no seu presuposto, terá como finalidade a adquisición dos medios materiais que constituísen o obxecto da subvención.
- Á documentación que acompañe a solicitude da subvención non será necesario incorporar os datos bancarios do beneficiario.

- A xustificación da subvención consistirá, única e exclusivamente, na presentación por parte do beneficiario dunha declaración xurada acreditativa de que os medios materiais obxecto de subvención estiveron destinados á actividade subvencionada, acompañando, no seu caso, Memoria detallada da mesma e un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade.

**TÍTULO III
A ACCIÓN CONCERTADA**

Artigo 35. Concepto e finalidade.

A acción concertada ten por obxecto o fomento e a promoción de actividades sociais ou económicas de interese público, referidas, entre outras, a finalidades de política do solo ou localización industrial e saneamento ambiental ou hidráulico, con carácter plurisubxectivo e de interese común para el sector concertado.

Artigo 36. Características da acción concertada

A acción concertada, que se instrumentará mediante o oportuno documento administrativo denominado, acta de concertación, terá as mesmas características que o artigo 9 atribúe ás subvencións económicas, salvo polo que se refire á imposibilidade de participación económica na actividade en mais dun 50 por 100.

Artigo 37. Procedemento e Réxime Xurídico.

A acción concertada estará sometida ó mesmo procedemento e réxime xurídico que as subvención ou axudas económicas reguladas no Título I deste Regulamento, séndolles de aplicación os artigos 12, 13, 15, 16, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25 e 26 do mesmo, coas seguintes precisións:

- As bases do concerto e a convocatoria serán aprobadas en cada caso polo Pleno do Concello ou polo órgano colexiado superior dos Organismos autónomos, e publicadas nos mesmos termos que as bases reguladoras das subvencións.
- Poderán ser beneficiarios deste tipo de accións, ademais das persoal físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 12 deste Regulamento, as empresas de carácter mercantil.
- As bases referiranse, en cada caso, ós seguintes aspectos:
 - a) Ó conxunto dos axentes económicos radicados no ámbito territorial da entidade que estean comprendidos no sector ou o subsector obxecto de concertación ou protección, sen referirse de forma individualizada a ningún deles.
 - b) Ó contido e ós requisitos das solicitudes dos interesados.

c) Ás axudas e outros estímulos que se ofrecen, ás obrigas e cargas que comporte a concertación e ás outras condicións que o ente local considere conveniente establecer.

d) Ós criterios de selección.

e) Á duración e os motivos de extinción da concertación.

f) Á supresión dos beneficiarios no caso de incumprimento dos compromisos asumidos.

g) Ó prazo do procedemento, que non excederá de tres meses.

- O incumprimento polos particulares dos compromisos asumidos, co trámite de audiencia previa ó interesado, determinará a suspensión da aplicación dos beneficios establecidos e o reintegro, si procede, das axudas económicas recibidas.
- A concertación da que se derivan los respectivos dereitos e obrigas formalizarase nun documento administrativo, denominado acta de concertación, que vinculará a ambas partes.
- Na documentación impresa regulada polo artigo 20 deste Regulamento, farase constar ó lado do escudo do Concello a expresión «coa colaboración do Concello de Tui».

Artigo 38. Órganos competentes para a súa adxudicación.

Serán órganos competentes, los seguintes:

1. O Alcalde do Concello ou Presidente dos Organismos autónomos para a selección dos participantes, cando a participación económica municipal na actividade non exceda do límite fixado nas Bases de execución do presuposto para que estes órganos autoricen gastos.

2. El Pleno do Concello ou órgano colexiado superior dos Organismos autónomos, para a aprobación da convocatoria das bases de concerto e para a selección dos participantes, neste último caso cando a participación económica municipal na actividade exceda do límite anterior.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento, que consta de 38 artigos e unha disposición final, entrará en vigor, una vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, cando transcorrese o prazo previsto polo artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases del Réxime local.

Tui, 24 de agosto de 2004.—O Alcalde, Antonio F. Fernández Rocha. 7535

A GUARDA

A N U N C I O

Exposición pública e cobranza en voluntaria do Padrón relativo á taxa por suministro de auga do 4º trimestre do exercicio 2003.

A Presidencia desta Corporación, por Resolución nº 621/2004, aprobou o padrón relativo á Taxa por suministro de auga do 4º trimestre do exercicio 2003 do Concello de A Guarda, sendo a devandita resolución definitiva en vía administrativa.

O padrón queda exposto ó público no Concello durante o prazo dun mes, contado a partires da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, anuncio que ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artículo 124.3 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, Xeral Tributaria.

Durante o devandito prazo os interesados poderán examinalo e formular, contra os actos que se notifican, ante a Presidencia deste Concello, recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes, a contar dende a exposición pública do mencionado padrón. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á notificación da devandita resolución. Non obstante, se o considera conveniente, poderán empregar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

De conformidade co previsto no Regulamento Xeral de Recadación, comunícaselles ós contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza da Taxa indicada, será do día 2 de setembro ó 2 de novembro de 2004, ámbalas dúas datas inclusive; tendo en conta que o prazo límite de ingreso será o día 2 de novembro de 2004 no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora (art. 80.3 Regulamento Xeral de Recadación).

As Taxas deberán satisfacerse, consonte co artigo 86 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, a través das seguintes entidades bancarias:

BANCO DE GALICIA	BBVA
CAIXA GALICIA	LA CAIXA
BANCO PASTOR	BANCO GALLEGO
BANCO SANTANDER CENTRAL HISPANO	CAIXANOVA
BANCO PASTOR	

Para a satisfacción das Taxas se empregarán os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte. No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ó pagamento poderá, ata o día 2 de novembro de 2004, obter un duplicado na Oficina de Xestión Tributaria do Concello da Guarda. Os contribuíntes que a 2 de outubro de 2004 non tivesen recibido nos seus domicilios os instru-

MODIFICACIÓN

4. Contra a aprobación do Padrón só poderá interponerse recurso de reposición, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó do remate do período de exposición pública do referido Padrón (art. 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais).

Soutomaior, a 30 de marzo de 2012.—O Alcalde, Agustín Reguera Ocampo.

2012003525

* * *

TOMIÑO

E D I C T O

O Pleno do Excmo. Concello de Tomiño, en sesión do 30 de marzo de 2012 adoptou entre outros o acordó de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de celebración de casamentos civís do Concello de Tomiño.

O que se fai público a efectos de reclamacións polo prazo de 30 días contados a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. De non presentarse as mesmas entenderase definitivamente aprobadas.

En Tomiño, a 2 de abril de 2012.—A Alcaldesa, Sandra González Álvarez.

2012003347

* * *

T U I

E D I C T O

De conformidade co disposto nos artigos 59.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común, na redacción referida pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, faise publica a notificación da resolución da Alcaldía de data 1 de decembro de 2011, relativa a baixa do posto número 294, sito na Corredera “mercado dos xoves” a o nome de Joanne Duval Salazar, con D.N.I.: 35 573 153-L, mediante a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do concello do Porriño xa que habéndose intentado a notificación no último domicilio coñecido, sito en Porriño rúa do Cando, 14-B esta non se puido practicar.

O expediente obra neste concello, no departamento de Secretaria, ante o cal lles asiste o dereito de alegar por escrito o que na súa defensa estimen conveniente, con aportación ou proposición das probas que consideren oportunas, dentro do prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte o da publicación do presente no Boletín Oficial da Provincial.

Transcorrido dito prazo sen que se faga uso do dereito para formular alegacións ou proponden probas, se ditarán as oportunas resolucións.

Tui, a 20 de marzo de 2012.—O Alcalde, Moisés Rodríguez Pérez.

2012003300

E D I C T O

Con data 24 de novembro de 2011, o Pleno do Concello de Tui, aprobou inicialmente a “Modificación do artigo 24 apartado d, do “Regulamento da actividade de fomento do concello de Tui, e dos seus organismos autónomos” publicado no Boletín Oficial da Provincia, de data 23 de decembro de 2011, número 245, para a súa exposición o publica polo prazo de trinta días. Ó non terse presentado ningunha reclamación e en virtude do anterior, de conformidade eos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local procédese á publicación íntegra do citado artigo, cuxo texto é o seguinte:

APARTADO D) DO ARTIGO 24 DO REGULAMENTO DE ACTIVIDADES DE FOMENTO
DO CONCELLO DE TUI E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS:

(..)d) Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas neste concello (neste caso farase a correspondente dilixencia na factura orixinal, que permita o control da concorrencia de subvención) por un importe mínimo da contía da subvención concedida. Non obstante, cando se trate de subvencións destinadas ó funcionamento xeral das entidades, estas terán que aportar as contas certificadas da entidade, representativas do estado de ingresos e gastos da actividade subvencionada e ou conta e estados que estean obrigados a render de acordó eos seis Estatutos e a normativa sectorial cu xeral vixente.

Tui, a 28 de marzo de 2012.—O Alcalde, Moisés Rodríguez Pérez.

2012003422

E D I C T O

O Pleno da Corporación Municipal, aprobou inicialmente, con data 28 de marzo de 2012, a “Ordenanza municipal de posesión e custodia de animais do concello de Tui” exporse ó público polo prazo de trinta días, no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios deste concello, os efectos de que os interesados poidan presentar as alegación que consideren oportunas, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O expediente atopase nas oficinas de Secretaría do Concello de Tui, o cal poderá consultarse en horario de 8 a 15 horas, os días hábiles, agás o sábado que será de 9 a 13 horas.

Tui, a 30 de marzo de 2012.—O Alcalde, Moisés Rodríguez Pérez.

2012003425

E D I C T O

Con data 24 de novembro de 2011, o Pleno do Concello de Tui, aprobou inicialmente a “Modificación do artigo 14 apartado d, das bases xerais tipo, reguladoras da concesión de subvencións do Concello de Tui e dos seis organismos autónomos” publicado no Boletín oficial da Provincia, de data 23 de decembro de 2011, número 245, para a súa exposición o publica polo prazo de trinta días. Ó non terse presentado ningunha reclamación e en virtude do anterior, de conformidade eos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local precédesse á publicación íntegra do citado artigo, cuxo texto é o seguinte:

APARTADO D) DO ARTIGO 14 DAS BASES XERAIS TIPO REGULADORAS DA CONCESIÓN
DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE TUI E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS:

d) Facturas por un importe mínimo da contía da subvención concedida, que terá que cumprir os seguintes requisitos:

- Ser orixinais ou fotocopias compulsadas polo Secretario Xeral do Concello.
- Estar datadas durante o ano no que se concédese a subvención e, si se trata dunha actividade puntual, na data correspondente á citada actividade.
- Conter o D.N.I. ou número de identificación fiscal do perceptor.
- Conter o selo da casa subministradora e o seu asinado.
- Conter o selo de pagado, ou presentar o correspondente recibo.
- Axustarse ó orzamento presentado ó formular a solicitude.

Tui, a 28 de marzo de 2012.—O Alcalde, Moisés Rodríguez Pérez.

2012003424

* * *